



«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIO SANITARIA DESTINADO A PERSOAS DROGO DEPENDENTES EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL EN VIGO – ANO 2018»

En Vigo, 1 de xuño de 2018

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, Dª. Mª Concepción Campos Acuña.

Doutra,

Dª Inés Fernández de Córdoba Alonso, con DNI nº 9025232-D, presidenta da sede autonómica da entidade MEDICOS DO MUNDO en Galicia, con NIF G-79408852 e endereço para os efectos de notificación en Vigo, na rúa Illas Baleares nº 15, baixo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBLR).

Dª Inés Fernández de Córdoba Alonso, actuando en representación de MEDICOS DO MUNDO en Galicia, segundo resulta dos seus estatutos e do acordo da súa Asemblea xeral do 22.05.2015, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

Dª. Mª Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,



EXPOÑEN

I.- A entidade Médicos do Mundo é unha Organización Non Gubernamental (ONG) que traballa desde 1992 con colectivos en situación de exclusión social e, en Galicia, desde 1995 cun programa de achegamento (*outreach*) e de reducción de danos para usuarios de drogas e persoas que exercen a prostitución. Médicos do Mundo iniciou en 2001 un proxecto de achegamento, reducción de danos e sensibilización para usuarios de drogas no contorno da Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD) CEDRO. Posteriormente, e baseándose na experiencia de Médicos do Mundo noutras cidades do Estado, foise estructurando na cidade de Vigo o CEntro de REducción de DANos (CEREDA).

O CEREDA está concebido como un centro de atención sociosanitaria para usuarios de drogas, dentro da filosofía de reducción de danos, na que teñen cabida todas as intervencións dirixidas a minimizar os danos asociados ó consumo de drogas, a diminuir a marxinalidade do colectivo -favorecendo a súa integración- e á prevención do VIH/SIDA e outras enfermedades transmisibles. A estratexia de intervención do CEREDA é de “baixo umbral”, seguindo os principios de intervención humanitaria que moven a Médicos do Mundo en todas as súas áreas de traballo.

O CEREDA vai dirixido a persoas cun uso problemático das drogas, en grave situación de desarraigado e exclusión social, que viven na rúa, con alto nivel de cronicidade e exclusión e/ou con problemas de saúde, que rexeitan acceder a outros recursos. O seu obxectivo principal é facilitar a inclusión social das persoas consumidoras de drogas involucrándoas no coidado da súa propia saúde, facilitándolle o acceso á rede sociosanitaria normalizada e reducindo os danos asociados ó consumo.

O CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo está concebido como un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas. As intervencións desenvólvense desde un dispositivo fixo, denominado “Centro de calor e café” e un equipo de rúa que se traslada a pé ás zonas quentes de consumo.

O interese para a cidade de Vigo de contar cun programa destas características, a través dunha estratexia de reducción de riscos e danos, é que non só posibilita unha mellora sociosanitaria da poboación obxeto de intervención, senón tamén do contorno socio-comunitario onde se ubica.

Os grandes piares nos que se apoia este traballo son o traballo en rede, a coordinación interinstitucional, a intervención comunitaria e a implicación dos propios pares que traballan como axentes de saúde, así como das persoas voluntarias que participan desinteresadamente no programa.

As prestacións do CEREDA non pretenden substituír ás da rede sanitaria e de servizos sociais públicos. Para iso, o traballo ten dúas vertentes, unha dirixida á propia rede, consistente na eliminación das trabas e barreiras que dificultan a ac-



cesibilidade ós recursos, e outra líña de intervención cos propios/as usuarios/as facilitándolle a información e o asesoramento necesario para poder acceder ós recursos.


Estes dispositivos son un recurso necesario na cidade de Vigo, xa que aínda queda un volume considerable de poboación subsidiaria da atención ofertada. O número de usuarios/as atendidos/as nos dispositivos do CEREDA durante 2017 foi de 658 persoas.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro, LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III. A Resolución de 2 de febreiro de 2009, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se aprobou a Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016, mantiña que





o éxito da política xeral sobre drogas require da cooperación das Administracións locais. Deste xeito, no seu Plan de Acción o obxectivo primeiro propoñía optimizar a coordinación e cooperación no marco do Estado español mediante, entre outras medidas, a potenciación da elaboración de plans municipais e supramunicipais coherentes coa Estratexia Nacional.

Máis específicamente, entre os obxectivos xerais, atópanse os de garantir unha asistencia de calidade e adaptada ás súas necesidades, a todas aquelas persoas directa ou indirectamente afectadas por consumo de drogas, reducir ou limitar os danos ocasionados á saúde das persoas que consumen drogas e, en xeral, os efectos sociais e sanitarios indeseables relacionados co seu uso, e facilitar a incorporación á sociedade das persoas en proceso de rehabilitación, a través de programas de formación integral e de preparación e inserción laboral. A nivel de diminución do risco e redución do dano, considérase necesario ampliar a cobertura de programas de rúa ou de contacto, acceso e detección precoz de problemas que afectan a grupos de poboación en situación de risco.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reidores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade.

Entre os seus obxectivos xerais, atópanse os de diminuir os riscos e reducir os danos para a saúde e o benestar derivados do consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, mellorar a cobertura asistencial dos trastornos aditivos e apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas en Rede de Tratamento de Condutas Aditivas e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración Xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, se establece como unha liña estratéxica a diminución de riscos e redución de danos asociados ó uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ó consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de talleres sobre consumo de menos riscos e prácticas de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.

A carteira de servicios en materia de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas contempla a execución de programas de reducción de danos e prevención indicada para drogodependentes, e específicamente os dirixidos á intervención precoz con drogodependentes en situación de emergencia social.



IV. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccions (PLDA) de Vigo propónense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das conductas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, e mellorar a atención ós colectivos en situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, reducción do dano e intervención en medio aberto.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, os convenios con outras administracións e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacions, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

V.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 50.000 €, a favor da asociación Médicos do Mundo.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinetes, conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo; un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas desde un dispositivo denominado “Centro de calor e café” e un equipo de rúa.

VII. Este convenio de colaboración contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

En base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representa esa actividade de Médicos do Mundo, as partes convenian a súa colaboración no ámbito da reducción de danos e prevención indicada para drogodependentes e a concesión da referida subvención en base ás seguintes,



ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- A entidade Médicos do Mundo comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo en canto á realización da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas desde un dispositivo denominado “Centro de calor e café” e un equipo de rúa e, concretamente, a:

- 1) Realizar a contratación do persoal técnico necesario para a correcta execución do Programa.
- 2) Asumir a súa xestión xeral.
- 3) Contribuir ó financiamento do custo restante do Programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos necesarios, detallados no orzamento do proxecto presentado.
- 4) Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicciós de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.
- 5) Cumplimentar os procedementos que se determinen para o rexistro de indicadores de actividade no ámbito da xestión dos recursos que traballan coas persoas en exclusión social severa.

En xeral, a cumplir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á entidade Médicos do Mundo, unha subvención para o exercicio de 2018 por importe de 50.000€ co obxecto de coadxuvar ó financiamento da actividade do CEREDA en Vigo.

TERCEIRA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD.887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



CUARTA.- Polo período de VIXENCIA do convenio (2018), o Concello de Vigo, achegará a cantidade de 50.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01, do vixente exercicio.

Os pagamentos efectuaránse do seguinte xeito:

- O 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pagamento anticipado por importe do 50% do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, de 21 de xullo, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificados os gastos realizados ata o 01 de novembro de 2018, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo funcionario responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incursa en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SEXTA.- No caso de que a entidade beneficiaria faga algúns tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social e incluir de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adiccións de Vigo e da Concellería de Política Social do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión creárase unha Comisión mixta de Seguimento que



entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias e estará composta por dous representantes de Médicos do Mundo e dous técnicos do Concello, presidida pola Concelleira delegada de Política Social ou persoa en que delegue.

OITAVA.- A entidade Médicos do Mundo comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo, facéndose responsable dos danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

NOVENA.- A entidade Médicos do Mundo poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

DÉCIMA.- Médicos do Mundo comprométese a presentar antes do **01** de novembro de 2018 a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá **achegetarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela** e incluirá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:



- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividades subvencionada.
- Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do artigo 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a VIXENCIA do Convenio (2018).

DÉCIMO TERCEIRA.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social.

O responsable técnico do programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumplida a actividade subvencionada.



DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO SÉTIMA.- Médicos do Mundo queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demás actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.




E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

POR MÉDICOS DO MUNDO,
PTA. SEDE AUTONÓMICA

Dna. Inés Fernández de Córdoba Alonso

POLO CONCELLO DE VIGO,
O ALCALDE – PRESIDENTE



D. Abel R. Caballero Álvarez

Perante míñ,
A SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL,

Dna M^a Concepción Campos Acuña